

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

Director: **Xabier E. González Vázquez**

## NÚMERO EXTRA ELECCIÓN NA UNIVERSIDADE

O DIA 6 DE MAIO SERÁN AS ELECCIÓNS O REITORADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO. UNHA CITA IMPORTANTE CO SEGUINTE CRONOGRAMA:



As candidaturas que se presentan son:

- 1.- **CARMEN GARCÍA MATEO** POR UVIGO 2032
- 2.- **JACOBO PORTEIRO FRESCO** POR CONS3NSO
- 3.- **BELÉN RUBIO ARMESTO** POR H2040

Os tres fixémoslles o seguinte cuestionario:

- 1.- Que opinades po programa PUM da Universidade de Vigo, como esta na actualidade e importancia que ten na propia Universidade e na sociedade de Vigo?
- 2.- Que melloras creedes que son necesarias e como as levariades a cabo?
- 3.- En relación o profesorado do PUM que pensade en como mellorar a súa relación ca actividade que levan a cabo?
- 4.- Con respecto o alumnado e as materias, Cono creedes que se pode mellorar o seu aprendizaxe e que tipo de materias se poderían integrar.?
- 5.- O espazo onde se desenrola o programa e un pouco pequeno de de “prestado” na facultade de Comercio, Tedes algunha proposta o respecto?
- 6.- Como pensades que os alumnos deste grao participen no goberno ou nas decisións que tome a Universidade?
- 7.- Como fomentariades a unión de maiores e mozos no desenrolo de actividades en común?
- 8.- Por ultimo podedes facer ou dicir o que vos pensades sobre este programa e como queredes que sexa o seu futuro.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026



## AS SÚAS RESPOSTAS



Respostas de **CARMEN GARCÍA MATEO**



### 1.- Que opinades po programa PUM da Universidade de Vigo, como esta na actualidade e importancia que ten na propia Universidade e na sociedade de Vigo?

O PUM é unha das mellores expresións da universidade pública: unha universidade aberta, útil e conectada coa sociedade. Na actualidade funciona grazas ao compromiso do alumnado, do profesorado e das persoas que o coordinan, pero creo que aínda non ten dentro da UVigo o recoñecemento institucional que merece. Para nós non debe ser un programa secundario, senón unha parte importante da misión social da universidade.

### 2.- Que melloras creedes que son necesarias e como as levariades a cabo?

A principal mellora é darlle máis estabilidade, máis visibilidade e mellor planificación. O PUM debería formar parte da estratexia xeral da UVigo, con recursos previsibles e cunha programación pensada a medio prazo. Tamén deberíamos reforzar a súa relación coa cidade, cos concellos e co tecido cultural e asociativo. Por este motivo pasará a formar parte das responsabilidades da Vicerreitoría de Oferta Académica, xunto con primeiro, segundo e terceiro ciclo.

### 3.- En relación o profesorado do PUM que pensade en como mellorar a súa relación ca actividade que levan a cabo?

O profesorado do PUM realiza unha tarefa moi valiosa, pero ás veces pouco recoñecida. Creo que hai que dignificar máis esa actividade, recoñecela dentro da vida académica da universidade e facilitar que quen imparte docencia no PUM conte con apoio, coordinación e recursos adecuados. Ensinar nun programa destas características require tamén unha sensibilidade específica.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

## Respostas de **CARMEN GARCÍA MATEO**



### **4.- Con respecto o alumnado e as materias, Como creedes que se pode mellorar o seu aprendizaxe e que tipo de materias se poderían integrar.?**

O alumnado do PUM ten interese, experiencia e capacidade de reflexión, e iso debe terse máis en conta. As materias poderían combinar mellor coñecementos clásicos con temas moi actuais: cultura dixital, saúde, sustentabilidade, historia contemporánea, ciencia, arte, pensamento crítico, cambios sociais así coma máis formación en linguas, que é unha demanda do estudantado. Tamén sería positivo introducir metodoloxías máis participativas, nas que o alumnado non só escoite, senón que tamén achegue. Para un mellor aproveitamento, é importante habilitar mecanismos para atender á diferenza de nivel de entrada en materias de habilidades (dixitais, lingüísticas, etc.)

### **5.- O espazo onde se desenrola o programa e un pouco pequeno de de “prestado” na facultade de Comercio, Tedes algunha proposta o respecto?**

Compartimos que o espazo actual é mellorable. O lugar onde se desenvolve un programa tamén indica a importancia que a universidade lle dá. A nosa proposta sería buscar espazos máis estables, dignos e integrados na vida universitaria, sen depender sempre de solucións provisionais. Tamén se poderían explorar colaboracións con equipamentos culturais da cidade.

### **6.- Como pensades que os alumnos deste grao participen no goberno ou nas decisións que tome a Universidade?**

A nosa idea é que o alumnado do PUM poida participar na vida da universidade na mesma liña que o resto do estudantado. A universidade debe avanzar cara a un modelo máis aberto e inclusivo, no que todas as persoas que forman parte dela teñan canles para ser escoitadas.

Isto significa crear espazos de participación adaptados ás características do programa, pero sen situar ao alumnado do PUM á marxe. Trátase de recoñecer que tamén son comunidade universitaria e que a súa voz pode enriquecer as decisións colectivas.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

Respostas de **CARMEN GARCÍA MATEO**



**7.- Como fomentariades a unión de maiores e mozos no desenvolvemento de actividades en común?**

Este é un dos maiores potenciais do PUM. A universidade debería promover máis actividades interxeracionais: encontros culturais, proxectos compartidos, obradoiros, roteiros, mentorías e actividades nas que alumnado novo e alumnado maior aprendan xuntos. A experiencia vital dunhas persoas e a mirada máis recente doutras poden dialogar e enriquecerse mutuamente.

**8.- Por último poderedes facer ou dicir o que vos pensades sobre este programa e como queredes que sexa o seu futuro.**

Gustaríame que o PUM evolucionase cara a un verdadeiro programa de aprendizaxe ao longo da vida, plenamente integrado na UVigo. Non debería ser visto como algo complementario, senón como unha parte esencial da universidade pública: unha universidade que forma profesionais, pero tamén cidadanía, pensamento crítico e comunidade ao longo de toda a vida.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

Respostas de **BELEN RUBIO ARMESTO**



## **1.- Que opinades po programa PUM da Universidade de Vigo, como esta na actualidade e importancia que ten na propia Universidade e na sociedade de Vigo?**

O Programa Universitario de Maiores (PUM) da Universidade de Vigo está nun momento de éxito, batendo récords de matrícula con máis de 600 estudantes e unha demanda que supera a oferta de prazas, especialmente no Campus de Vigo. Consideramos o programa un valor estratéxico da institución, xa que non só promove o intercambio interxeracional, senón que reafirma o compromiso da universidade coa aprendizaxe ao longo de toda a vida e a transferencia de coñecemento ao total da sociedade. Cremos que para a sociedade de Vigo, e a do resto dos campus, o PUM representa unha ferramenta esencial de envellecemento activo e integración social, combatendo a soidade e dando voz e mirada a unha xeración cun grande interese pola cultura e a ciencia e un ánimo imbatible para o estudo.

## **2.- Que melloras creedes que son necesarias e como as levariades a cabo?**

Para nós é fundamental que se lle dea unha identidade única ao programa, por iso propoñemos a creación dun centro propio que agrupe aos programas dos tres campus da universidade de Vigo e que facilite, por exemplo, a mobilidade entre campus e permita flexibilizar a matrícula. Por esta última razón, tamén propoñemos que este novo centro se integre na Vicerreitoría de Extensión Universitaria para que, sen prexuízo do rigor académico do programa, se enfatice a súa labor social e a importancia das actividades culturais nas que o estudantado poida participar. Ademais, isto permitiría flexibilizar a matrícula, relaxando os requisitos en canto ao número máximo e mínimo de créditos a matricular ou a estrutura das materias obrigatorias e optativas.

## **3.- En relación o profesorado do PUM que pensade en como mellorar a súa relación ca actividade que levan a cabo?**

A calidade profesional e humana do profesorado de maiores é a base do seu éxito. Trátase dunha actividade moi vocacional, na que o profesorado aporta moitísimo cunha ilusión extraordinaria. Por iso, consideramos que debemos recoñecer esta labor e incorporar a outros e outras docentes que poidan realizar propostas novas para o programa. A nosa proposta é que, aproveitando esta nova organización, se poidan mellorar a estrutura dos estudos e incorporar materias e profesorado novos que sexan de interese para o estudantado e a sociedade en xeral.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

Respostas de **BELEN RUBIO ARMESTO**



#### **4.- Con respecto o alumnado e as materias, Como creedes que se pode mellorar o seu aprendizaxe e que tipo de materias se poderían integrar.?**

O estudiantado de maiores ten un grande dinamismo e aporta moitísimas ideas para a mellora do programa que teremos moi en conta. Como xa se dixo previamente, pretendemos mellorar a estrutura e a oferta do programa, escoitando a opinión do estudiantado para incluír as materias propostas polo profesorado que consideren de maior interese. A nova estrutura permitirá modernizar e mellorar o programa, atendendo ás inquedanzas e preferencias do estudiantado.

#### **5.- O espazo onde se desenrola o programa e un pouco pequeno de “prestado” na facultade de Comercio, Tedes algunha proposta o respecto?**

Somos plenamente conscientes de que o déficit de espazo no Campus Cidade é un reto estrutural que afecta a toda a institución e non a un proxecto illado. Porén, defendemos firmemente que o Programa Universitario de Maiores (PUM) debe manter a súa sede central neste campus pola súa vinculación estratéxica coa cidade. A nosa proposta de crear un centro específico permitiría dotar ao programa dunha identidade propia, reforzando o sentimento de pertenza de todo o estudiantado sénior. Para acadalo, impulsaremos un marco de diálogo e acordos coas facultades e escolas do campus, garantindo así unha convivencia harmónica e un aproveitamento eficiente dos recursos. En todo caso, estamos en conversas co Concello de Vigo para a cesión de espazos para o PUM na cidade.

#### **6.- Como pensades que os alumnos deste grao participen no goberno ou nas decisións que tome a Universidade?**

O estudiantado do PUM pertence á Universidade de Vigo a todos os efectos. Como mostra deste compromiso, hoxe teñen recoñecido o seu dereito a participar nas eleccións á Reitoría, un avance impulsado polo actual equipo de goberno, que garante plenamente a súa capacidade de decisión. Máis alá do voto, o noso obxectivo é establecer unha canle de diálogo continuo con eles. Queremos escoitar as súas ideas, intereses e inquedanzas para que, dentro do marco académico, sexamos quen de evolucionar e axustar o programa ás súas necesidades e expectativas reais. Co desenvolvemento e a aprobación dos novos estatutos poderemos incluír, ademais, a súa participación en determinados órganos de goberno, como o Claustro ou o Consello de Goberno.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

Respostas de **BELEN RUBIO ARMESTO**



## **7.- Como fomentariades a unión de maiores e mozos no desenrolo de actividades en común?**

A unión entre o estudantado do PUM e o estudantado novo da Universidade de Vigo debe fomentarse a través dun modelo de cooperación activa que vaia máis alá da coincidencia física nos campus, transformando as diferenzas de idade nun activo académico e social. Xa se teñen feito actividades interxeracionais en colaboración con outras instancias da Universidade de Vigo, como o paseo interxeracional organizado pola Unidade de Cultura Científica ou o programa de embaixadores da ciencia.

Adicionalmente, temos en mente propostas como programas de mentoría, onde a a experiencia profesional do estudantado do PUM pode guiar aos novos nas saídas profesionais que os grados lles poidan proporcionar. A participación en traballos de investigación e laboratorios que busquen solucións conxuntas a retos da universidade, así como a participación con visitas a centros de investigación en xornadas de portas abertas e outras actividades de divulgación dos centros están sendo, igualmente, contempladas.

Ademais, seguiremos impulsando e promovendo o ciclo integrado, no que o estudantado do PUM se atopa nas mesmas aulas que o estudantado novo, traballando con eles cóbado con cóbado e colaborando no éxito da súa aprendizaxe mutua. A experiencia do ciclo integrado está a ser moi positiva, tanto para o estudantado de grao e mestrado como para o do PUM, polo que queremos destacalo e apoiálo.

## **8.- Por ultimo podedes facer ou dicir o que vos pensades sobre este programa e como queredes que sexa o seu futuro.**

O PUM debe ser un buque insignia da Universidade de Vigo, a nosa mellor carta de presentación, xa que os e as estudantes do PUM son os e as embaixadoras da Uvigo na súa familia e na súa contorna. Por outra parte, a atención ás persoas maiores e a súa integración na universidade supón devolverlle á sociedade parte do que esta aporta para o éxito da nosa institución, sendo, polo tanto, unha labor de xustiza social. Pola nosa parte, faremos todo o posible para que os recursos asignados ao programa se incrementen, de xeito que as ideas que debullamos previamente: creación dun centro propio, reestruturación do programa e flexibilización da matrícula, se implanten á maior brevidade posible.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

## Respostas de JACOBO PORTEIRO FRESCO



### 1.- Que opinades po programa PUM da Universidade de Vigo, como está na actualidade e importancia que ten na propia Universidade e na sociedade de Vigo?

Para ConSenso, o PUM non é un programa complementario, é unha peza clave da formación ao longo da vida e na función social da universidade, cun impacto social, cultural e mesmo interxeracional moi importante para a UVigo e para a contorna. Trátase dunha das mellores expresións do que debe ser unha universidade aberta á sociedade.

Ademais, somos moi conscientes de que contamos cun estudantado moi motivado e participativo; e agradecemos o labor do profesorado, coordinación e centros onde se imparte. Sen embargo, consideramos que temos importantes melloras que realizar debido a falta de espazos propios ou a dependencia da boa vontade do profesorado. Por iso, o noso programa propón un reforzo institucional do PUM, considerándoo un programa estratéxico e non accesorio.

### 2.- Que melloras creedes que son necesarias e como as levaríades a cabo?

A pesar das grandes fortalezas deste programa, precisamos avanzar xa, consideramos ao PUM un programa estratéxico para a nosa universidade. Para elo consideramos urxente:

- Dotar ao PUM de espazos e orzamento propio.
- Crear unha oferta educativa máis flexible.
- Incluír ao alumnado en programas de mobilidade e proxectos tipo Erasmus ou similares.
- Outorgar un recoñecemento axeitado ao profesorado.
- Reforzar a presenza do PUM nos espazos institucionais, na comunicación da UVigo e na relación coa cidade.

### 3.- En relación o profesorado do PUM, que pensades en como mellorar a súa relación ca actividade que levan a cabo?

É evidente que debemos pasar do modelo actual baseado na voluntariedade a outro baseado no recoñecemento institucional. Así esta docencia debe ser tida en conta nos recoñecementos docentes e a innovación educativa, valorándose a súa inclusión no POD. Xa temos moito profesorado implicado, pero agora meso o seu traballo non está recoñecido, queremos que ese traballo pase a ser parte real da actividade docente, mellorando o seu recoñecemento institucional e favorecendo unha maior implicación do profesorado.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

## Respostas de JACOBO PORTEIRO FRESCO



### **4.- Con respecto o alumnado e as materias, Cono creedes que se pode mellorar o seu aprendizaxe e que tipo de materias se poderían integrar.?**

A través das nosas reunións con estudantes do PUM puidemos constatar as súas inquedanzas con respecto ás materias e á estrutura do programa. Por ese motivo queremos avanzar cara a unha oferta máis flexible con distintos itinerarios, contidos actualizados e conexión coa realidade social e cultural. Ademais, debe ter en conta o distinto punto de partida formativo do estudantado. Dese xeito, poderemos contar cunha oferta académica moito máis atractiva.

### **5.- O espazo onde se desenrola o programa e un pouco pequeno de “prestado” na facultade de Comercio, tedes algunha proposta o respecto?**

O modelo actual non é suficiente para ningún dos tres campus. Desde ConSenso propoñemos avanzar cara a espazos máis adecuados e estables. Así, debemos dotar ao PUM dun espazo propio e identificable, aínda que sexa compartido, dentro do campus de Vigo. Tamén podemos explorar o uso de espazos mixtos universidade-cidade (centros culturais, bibliotecas, edificios municipais), reforzando a conexión coa sociedade. O noso obxectivo final é que o programa teña condicións dignas, visibilidade e capacidade de crecemento.

### **6.- Como pensades que os alumnos deste grao participen no goberno ou nas decisións que tome a Universidade?**

ConSenso aposta por un goberno aberto e participativo, onde todos os que forman parte da universidade podan dar a súa opinión.

O noso enfoque é que o alumnado do PUM sexa considerado igual que o resto do estudantado da UVigo, non como un colectivo á marxe. Iso implica avanzar cara a unha participación real, con presenza nos espazos de representación, en especial no claustro, e con capacidade de influír nas decisións que lles afectan. Non se trata só de recoñecer dereitos formais, senón de garantir que forman parte activa da universidade en igualdade de condicións.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

## Respostas de JACOBO PORTEIRO FRESCO



### **7.- Como fomentariades a unión de maiores e mozos no desenrolo de actividades en común?**

Unha das medidas que consideramos fundamentais no noso programa é a creación, en cada un dos campus, de Casas do Estudantado, lugares de encontro para tódolos estudantes, incluídos os do PUM. Nestes espazos compartidos esperamos que exista unha convivencia real, con actividades culturais, programas de mentoría, proxectos de aprendizaxe-servizo ou iniciativas interxeracionais para ambos. Tamén consideramos que debemos aproveitar da vosa experiencia para levar a cabo procesos de acompañamento que temos no noso programa. Queremos que o PUM non funcione en paralelo, senón conectado co resto da comunidade universitaria, porque esa interacción é unha das maiores riquezas que pode ofrecer a universidade.

### **8.- Por último, poderdes facer ou dicir o que vos pensades sobre este programa e como queredes que sexa o seu futuro.**

Non queremos que sexa só un programa. Queremos que sexa unha verdadeira liña estratéxica da universidade, vinculada á formación ao longo da vida, con estrutura propia, continuidade formativa e presenza real na vida universitaria.

En definitiva, queremos que evolucione cara a algo máis grande e queremos unha UVigo que acompaña ás persoas ao longo de toda a súa vida.

# Diario das Eleccións

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº 1 | www. QBG.com | 10 euros

01 DE MAIO 2026

O PRIMEIRO AGRADECER AS TRES CANDIDATURAS A SÚA AMABILIDADE A HORA DE CONTESTAR ESTE CUESTIONARIO. TODO FORON FACILIDADES E MOITA RAPIDEZ!!!!!! GRAZAS!!!!!!



**¡¡AGORA E O NOSO TEMPO!!**  
XA TEMOS AS SÚAS RESPOSTAS E OS PROGRAMAS NOS QUE SE APOIAN E VAN LEVAR ADIANTE

O TEMPO DE DECIDIR CAL DOS TRES GÚSTANOS MAIS VEN CHEGANDO MOI PRONTO, SERÁ O VINDEIRO DIA **6 DE MAIO**

ESA É DATA SINALADA PARA QUE NOS, ALUMNOS DO PUM, DECIDAMOS CA NOSA PARTICIPACIÓN QUEN QUEREMOS QUE NOS GOBERNE.

MOITÍSIMA SORTE OS TRES

